



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de agosto de 2020(855/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día seis de agosto de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, por ausencia do interventor xeral, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(610).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de xullo de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(611).- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA A EXECUCIÓN DO «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019-2022». EXPTE. 193436/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 24.10.2019, adoptou entre outros o seguinte Acordo:

«PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 - 2022», elaborado pola Concellería de Política social do Concello de Vigo, con un custe total de 564.033,64€.

SEGUNDO: Solicitar unha subvención para a cofinanciación do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 - 2022. o abeiro da orde de 16 de setembro de 2019, publicada no DOGA n.º 284 de 27 de setembro de 2019, por un importe de 360.981,53€, aceptándose as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde,

TERCEIRO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo Decreto de Delegacións de data 18 de xuño de 2019».

II. INFORME

II.1. Para xustificar a subvención correspondente ó período 01.07.2019 – 30.06.2020 é preciso que a XGL aprobe a conta xustificativa dos gastos; integrada por aqueles necesarios para o desenvolvemento das actividades de prevención levadas a cabo nese tempo e o 60% dos gastos do persoal técnico da Oficina do PLDA.

II.2. Os gastos das actividades de prevención durante este período foron:

GASTOS EXECUTADOS DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS ENTRE O 01.07.2019 E O 30.06.2020 (Arts. 27 e 28 da Orde da Consellería de Sanidade do 16.09.2019):

APLICACIÓN PLAN LOCAL DROGAS: 2310.227.99.08					
Acreeador	Concepto de gasto	Nº Exp. factura / Nº factura	Importe	Data de emisión	Data de pagamento
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	REALIZACIÓN DUN ESTUDO E ANÁLISE SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO CONSUMO DE ALCOHOL, SUBSTANCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS NA MOCIDADE VIGUESA	191546/301 1060	10.817,40€	19-07-2019	01-10-2019
VISUAL PUBLINET	MANTEMENTO ANUAL 2019 DA PÁXINA WEB DO PLDA-EQUIPO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS	194069/301 3454	871,20€	11-11-2019	27-11-2019
SIXPRES	IMPRESIÓN DIPLOMAS EN COR POR ACTIVIDADES FORMATIVAS DO PLDA	193650/301 424	163,35€	27-03-2019 (* Erro na data de emisión.	19-11-2019



Concello de Vigo

JULINDA MOLARES CARDOSO	APOIO Á XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS XII XORNADAS PLDA	194678-301 42	4520,56€	05-12-2019	20-12-2019
		TOTAL:	16.372,51€		

APLICACIÓN CONVENIO CON ENTIDADES PLDA: 2310.480.00.13					
Acreeador	Concepto de gasto	Periodo de execución das actividades	Nº Exp. factura	Importe	Data de pagamento
ASOCIACIÓN AMAI-NA	IMPARTICIÓN DE 42 OBRADAIROS (*) DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "NON PASA NADA, PASA ALGO?-2º ESO"	Entre o 01 de xullo de 2019 e o 13 de marzo de 2020*	185950/301 196032/301 200135/301	900€	05-06-2019
				7.200€	04-05-2020
				2.550€	17-06-2020
	(*) 12 incompletos (142 sesións impartidas en total)			10.650€	
ASOCIACIÓN ALBORADA	IMPARTICIÓN DE 24 OBRADAIROS (*) DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "NON PASA NADA, PASA ALGO?-3º ESO"	Entre o 01 de xullo de 2019 e o 13 de marzo de 2020*	185653/301 196035/301 201367/301	3.900€	05-06-2019
				13.800€	04-05-2020
				2.025€	17-06-2020
	(*) 9 incompletos (77 sesións impartidas en total)			19.725€	
ASOCIACIÓN ALBORADA	IMPARTICIÓN DE 35 OBRADAIROS (*) DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "NON PASA NADA, PASA ALGO?-4º ESO"				
	(*) 16 incompletos (104 sesións impartidas en total)				
ASOCIACIÓN ALBORADA	IMPARTICIÓN DE 21 OBRADAIROS(*) DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "ODISEA"				
	(*) 1 incompleto (82 sesións impartidas en total)				
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	IMPARTICIÓN DE 32 OBRADAIROS(*) DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "INFORMACIÓN-	Entre o 01 de xullo	185713/301	3.850€	05-06-2019
			196034/301	13.862,50€	04-05-2020

	SENSIBILIZACIÓN- 6º EP" (* 6 incompletos (115 sesións impartidas en total)	de 2019 e o 13 de marzo de 2020*	200447/301	292,50€	17-06-2020
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	IMPARTICIÓN DE 18 OBRADAIROS(*) DO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "NON PASA NADA PASA ALGO?-1º ESO" (* 4 incompletos (64 sesións impartidas en total)				
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	IMPARTICIÓN DE 21 CHARLAS INCLUÍDAS NO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS "MÁIS QUE UN TEITO"			18.005€	
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	IMPARTICION DE 2 CURSOS (*) DE "FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS PARA MEDIADORES/AS SOCIAIS" (* 1 incompleto (6 sesións impartidas en total)				
ASOCIACIÓN ÉRGUETE	IMPARTICIÓN DE 7 CHARLAS DO PROGRAMA DE "INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN" A ADESTRADORES DE CLUBES DE FÚTBOL				
			TOTAL:	48.380€	

(* O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde (OMS) elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional. Na Comunidade Autónoma de Galicia, por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública que foron seguidas da declaración, o 13 de marzo, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Entre as medidas preventivas adoptadas no mencionado acordo do 12 de marzo, respecto do ensino non universitario, estableceuse a suspensión das actividades académicas. Mediante RD.463/2020, do 14 de marzo, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.



Concello de Vigo

TOTAL GASTOS EXECUTADOS CORRESPONDENTES A ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO PERIODO 01 DE XULLO 2019 - 30 DE XUÑO 2020 = 64.752,51€.

II.3. O gasto total do persoal técnico adscrito ó PLDA-CEDRO para este período (NRP 23372 e NRP 77819) ascendeu a 116.427,10€ (52.243,20€ + 64.183,90€), de acordo coa certificación expedida en data 14.07.2020 pola xefa da área de RRHH e Formación co visto e prace da Concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, anexado tamén o Exp. nº 193436/301. Deste gasto, o 60% impútase ó PLDA e o 40% restante ó Servizo de CEDRO.

II.4. Para os efectos do previsto no Art. 27 da Orde da Consellería de Sanidade do 16.09.2019, o 20.07.2020 o Xefe de Área de Benestar Social informou que cumpríuse a finalidade para a que foi concedida a subvención e deuse tamén cumprimento ó establecido no Art. 29.3 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

II.5. Para eses mesmos efectos, en data 23.07.2020 o Interventor xeral municipal emitiu informe no que fixo constar a relación de gastos totais soportados por este Concello, imputables á referida actuación subvencionada e coincidentes cos reflectidos nas Táboas do Apdo. II.2 deste informe.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable; en especial, os Arts. 27 e ss. da Orde da Consellería de Sanidade do 16.09.2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar, para os efectos do disposto na Orde da Consellería de Sanidade do 16.09.2019 (DOG nº 184, do 27.09.2019) pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria, a *CONTA XUSTIFICATIVA* dos gastos realizados polo Concello de Vigo para a execución do «*PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO 2019 – 2022*», no período comprendido entre o 01 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020 que figura no ANEXO, facendo constar que cumpríuse a finalidade para a que foi concedida a subvención e deuse cumprimento ó establecido no Art. 29.3 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDO.- Aprobar o precitado ANEXO V (“CERTIFICADO DE SECRETARÍA (CONTA XUSTIFICATIVA)”) que figura tamén como anexo deste Acordo e que deberá ser enviado á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO V

CERTIFICADO DE SECRETARÍA (CUENTA JUSTIFICATIVA)

SA463G - SUBVENCIONES PARA EL DESARROLLO DE PROYECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS PROMOVIDOS POR AYUNTAMIENTOS, MANCOMUNIDADES DE AYUNTAMIENTOS O AGRUPACIONES DE AYUNTAMIENTOS DE LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA

DATOS DE LA ENTIDAD SOLICITANTE						
RAZÓN SOCIAL					NIF	
CONCELLO DE VIGO					P3605700H	
DATOS DE LA PERSONA TITULAR DE LA SECRETARÍA DE LA ENTIDAD SOLICITANTE						
NOMBRE		PRIMER APELLIDO		SEGUNDO APELLIDO		NIF
SOLICITUD DE SUBVENCIÓN						
AYUNTAMIENTO, MANCOMUNIDAD O AGRUPACIÓN				CÓDIGO DEL EXPEDIENTE		
CERTIFICA						
Que con fecha <input type="text"/> , por acuerdo del órgano competente <input type="text"/> (alcaldía/presidencia/junta de gobierno/pleno/otros), se aprobó la cuenta justificativa de la subvención concedida a esta entidad al amparo de la Orden de 16 de septiembre de 2019 por la que se aprueban las bases reguladoras para la cofinanciación de proyectos de prevención de conductas adictivas promovidas por ayuntamientos, mancomunidades de ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos, en la que consta:						
1. Que se cumplió la finalidad para la que fue concedida la subvención.						
2. Que los gastos totales soportados por esta entidad imputables a la actuación subvencionada son los que se relacionan a continuación:						
Acreeedor	Concepto de gasto	Número de factura	Importe	Fecha de emisión	Fecha de reconocimiento de la obligación	Porcentaje del gasto imputado a la subvención
Universidad Santiago de Compostela	Realización dun estudo e análise	Expte: 191546-	10.817,40	19-07-2019	16-09-2019	100%
Visual Publinet	Mantenimento anual 2019 da	Expte:194069-	871,20	11-11-2019	21-11-2019	100%
Sixpress	Impresión diplomas en color p	Expte: 193650-	163,35	27-03-2019	11-11-2019	100%
Julinda Molares Cardoso	Apoio á xestión e desenvolver	Expte: 194678-	4.520,56	05-12-2019	17-12-2019	100%
Asociación Amalna	Impartición de 142 sesións do	185950-301	900		30-05-2019	100%
		196032-301	7.200		29-04-2020	100%
		200135-301	2.550		12-06-2020	100%
Asociación Alborada	Impartición de 77 sesións do P	185653-301	3.900		30-05-2019	100%
		196035-301	13.800		29-04-2020	100%
		201367-301	2.025		12-06-2020	100%
Asociación Érguete	Impartición de 115 sesións do	185713-301	3.850		30-05-2019	100%
		196034-301	1.3862,50		29-04-2020	100%
		200447-301	292,50		12-06-2020	100%



Concello de Vigo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO V
(continuación)

CERTIFICA

3. Que los gastos de personal aplicados a la ejecución del proyecto subvencionado son los que se detallan a continuación:

Nombre y apellidos	Concepto	Período de liquidación	IRPF	Cuotas de la Seguridad Social	Líquido a percibir	Porcentaje del gasto imputado a la subvención
Psicóloga	Retribuciones	1/7/2019- 30/6.	11.728,93	12.625,44	36.131,81	60%
Trabajadora Social	Retribuciones	1/7/2019- 30/6.	9.667,76	11.391,15	27.571,57	60%

4. Que, según el informe de la intervención municipal, se tomó razón en contabilidad del gasto correspondiente a la ejecución del proyecto subvencionado.

5. Que se dio cumplimiento a lo establecido en el artículo 29.3 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, solicitando tres presupuestos a diferentes proveedores en el caso de resultar obligatorio conforme al citado artículo.

FIRMA DE LA PERSONA QUE CERTIFICA Y VISTO BUENO DEL/DE LA ALCALDE/SA DE LA ENTIDAD

Lugar y fecha

, de de



UNIÓN EUROPEA
"El valor añadido de Acción Europea"
"O FSE inviste no teu futuro"

3(612).- MODIFICACIÓN DE PRAZO E AUTORIZACIÓN DE GASTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ALUGUER DE FURGONETAS PARA PROGRAMA DE REPARTO DE COMIDA A DOMICILIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA COVID-19. EXPTE. 197782/301.

Dáse conta do informe-proposta do 27/07/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social el o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 16.04.2020, adoptou por proposta da xefatura de servizo de Contratación, o seguinte acordo:

«5.- ADXUDICACIÓN DUN CONTRATO DE EMERXENCIA PARA O SUBMINISTRO DO ALUGUER DE 7 FURGONETAS PARA O PROGRAMA DE REPARTO DE COMIDA A DOMICILIO DESENVOLVIDO POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 197782/301.

“1º Adxudicación do contrato de subministro do aluguer de 7 furgonetas para o programa de reparto de comida a domicilio desenvolvido polo servizo de Benestar Social, á empresa VIGORENT A CAR S.L. con CIF B36811297, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da LCSP, coas seguintes características:

- *O obxecto do contrato é o o subministro do aluguer de 7 furgonetas tipo Renault Kangoo ou similar de 2 prazas + carga, cun seguro a todo risco cunha franquicia de 600€, para o programa de reparto de comida a domicilio desenvolvido polo servizo de Benestar Social.*
- *O prezo é de 169,40 euros/día (IVE engadido).*
- *O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 310.2279909 (Outras actividades grupos desfavorecidos) e a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, que dispón de crédito suficiente.*
- *O prazo de execución do contrato é o período que dure o estado de alarma decretado polo Real Decreto 463/2020 e as súas sucesivas prórrogas.*
- *O responsable do contrato será o xefe da Área de Benestar Social*
- *Forma de pagamento: O prezo correspondente ao subministro aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura.*
- *Non se fixa prazo de garantía dadas as características das prestacións obxecto do presente contrato cuxos efectos se esgotan no momento da finalización do mesmo».*

II. NORMATIVA APLICABLE

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).



Concello de Vigo

- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O prazo de execución do contrato adjudicado pola XGL á empresa “VIGORENT A CAR, S.L.” determinouse en función da duración do estado de alarma decretado por RD.463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as súas sucesivas prórrogas.

Con todo, é obvio que as necesidades esenciais que se pretendían satisfacer co servizo de reparto domiciliario de comidas ás persoas en situación de vulnerabilidade non desapareceron automaticamente o mesmo día que finalizou administrativamente aquela situación excepcional (por desgracia, tampouco a capacidade transmisora da COVID-19), senón que resultou preciso continuar con ese servizo ata que foi posible arbitrar outro tipo de alternativas válidas para o mesmo fin: entrega de tarxetas de alimentos, reapertura de comedores sociais, etc.

III.2. A extensión do estado de alarma ata as 00:00h do 21.06.2020, mediante as sucesivas prórrogas do RD.463/2020 (RD.476/2020, RD.487/2020, RD.492/2020, RD.514/2020, RD.537/2020 e RD.555/2020) e a necesidade de seguir garantindo ás persoas e familias máis vulnerables o subministro diario de comidas obrigou a manter en funcionamento o servizo de reparto a domicilio posto en marcha polo Servizo de Benestar Social ata o 06.07.2020, data na que se deixou de prestar.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Así as cousas e a fin de que poidan seren aboados ó contratista os servizos efectivamente prestados desde a finalización do estado de alarma e ata o 06 de xullo (data de finalización do servizo de reparto de comidas a domicilio), propónse á XGL na súa cualidade de órgano de contratación (Disposición adicional segunda, Apdo. 4º LCSP), previo informe da Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Modificar o prazo de duración do contrato ampliando a súa vixencia ata o 06.07.2020.

SEGUNDO.-Aprobar e autorizar o gasto de 2.286,22€ derivado do aluguer de furgonetas contratado con “VIGORENT A CAR, S.L.” (CIF B36811297) para o programa de reparto de comida a domicilio desenvolvido polo servizo de Benestar Social, correspondente ó período 22.06.2020 – 06.07.2020.

TERCEIRO.- Imputar o citado gasto á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.10 (“Xestión COVID 19”) dos vixentes orzamentos municipais».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(613).- RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE EMERXENCIAS CON EQUIPO DE XEOLOCALIZACIÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6497/241.

Dáse conta do informe-proposta do 28/07/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación, a titular da Asesoría Xurídica, a Interventora Xeral adxunta e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros (PCAP)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, en sesión de data 29 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 17 de outubro de 2018.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 26 de outubro de 2018.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 40.000,00 euros, do que 6.942,14€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606260000 “ Equipos de seguimento de vehículos” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- Con data do 28 de decembro de 2018, o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade adoptou a seguinte resolución:

“Adxudicar a EUROCOP SECURITY SYSTEMS, S.L. (NIF:B84137470) o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada mixto de subministros e servizo dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o servizo de Bombeiros” “ (Exp. 35/2131), por un prezo total de 31.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.484,30 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Esta resolución foi notificada ao adxudicatario o 16 de xaneiro de 2019.

Terceiro.- En aplicación do previsto no artigo 159.6g) da LCSP e da cláusula 23.1 do PCAP, o 17 de xaneiro de 2019, D. Ramón García Esteve, en representación de EUROCOP SECURITY SYSTEMS, S.L., asina a notificación de adxudicación en sinal de aceptación, resultando formalizado o contrato ese mesmo día.

Cuarto.- O 13 de marzo de 2020, o xefe do Servizo de Extinción de Incendios emite informe dirixido ao Servizo de Contratación no que solicita a *“resolución deste contrato por incumprimento do prazo contractual establecido en 15 días”.*

Quinto.- O 27 de marzo o Servizo de Contratación devolve o expediente ao servizo xestor, mediante dilixencia na que se comunica a suspensión dos prazos nos termos previstos na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Sexto.- Con data do 20 de maio de 2020, o Servizo de Extinción de Incendios remite novamente o expediente ao Servizo de Contratación por se procedese a resolución do contrato.

Sétimo.- O 8 de xuño de 2020 o xefe do Servizo de Extinción de Incendios emite informe sobre danos e perdas.

Oitavo.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 2 de xullo de 2020 adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros adxudicado a EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L. por resolución do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade o 28 de decembro de 2018 por un prezo total de 31.600,00 euros e un prazo de execución de 15 días, por concorrer a causa prevista no artigo 211.1d) da LCSP (“mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista”).

2º.- Declarar a urxencia da tramitación en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.

3º.- Dar traslado deste acordo ao contratista, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción deste acordo para formular as alegacións que estime convenientes”.

Noveno.- O acordo anterior foi notificado ao contratista o 3 de xullo de 2020. Durante o trámite de audiencia non presentou alegación ningunha.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato que nos ocupa ten por obxecto *“a adquisición e implantación dun sistema de xestión de información en emerxencias, que axude a mellorar os tempos de resposta e facilitar a xestión, organización e toma de decisións antes, durante e despois das emerxencias e urxencias no desenvolvemento dos Servizos de Bombeiros”* (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato mixto por comprender prestacións propias do contrato típico de subministro (67,06%) e do contrato de servizos (32,94%).

Resulta preciso determinar o réxime aplicable á resolución contractual. Segundo o artigo 18.1 da LCSP, o réxime xurídico dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos mixtos determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2, que regula os pregos de cláusulas administrativas particulares (*"No caso de contratos mixtos, detallarase o réxime xurídico aplicable para os seus efectos, cumprimento e extinción, atendendo ás normas aplicables ás diferentes prestacións fusionadas neles"*).

-II -

Da mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista

A LCSP no seu artigo 193 establece que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista, por causas a el imputables, tivera incorrido en mora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído. O réxime de penalidades deste contrato regúlase na cláusula 35 do PCAP.

Segundo o indicado na cláusula 7 do PCAP, *"non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización"*. A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D das FEC (*"25 de novembro de 2018"*), que se corresponde coa data prevista na cláusula 6 do PPT, agás, entre outros, nos supostos nos que por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible formalizalo antes da data sinalada no apartado 4.D da FEC. En efecto, o contrato formalizouse o 16 de xaneiro de 2019, momento a partir do cal se inicia a prestación.

O prazo de execución do contrato fíxase no apartado 4A do Anexo I -FEC- do PCAP en 30 días, sendo susceptible de ser reducido polos licitadores ao preverse esta redución como un criterio de adxudicación do contrato (apartado 6A das FEC). De feito, o contratista ofertou unha redución do prazo de 15 días, polo que o prazo de execución do contrato quedou reducido a 15 días.

-III-

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos

(artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 42 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211, 306 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de subministros e servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista. En todo caso o atraso inxustificable sobre o plan de traballos establecido no prego ou no contrato, en calquera actividade, por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial del contrato, incluídas as posibles prórrogas.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de subministros (artigo 306 da LCSP):

- j) A desistencia antes da iniciación do subministro ou a suspensión da iniciación do subministro por causa imputable á Administración por prazo superior a catro meses a



Concello de Vigo

partir da data sinalada no contrato para a entrega agás que no prego se sinala outro menor.

- k) A desistencia unha vez iniciada a execución do subministro ou a suspensión do subministro por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración, agás que no prego se sinala outro menor.

Para as prestacións de servizos (artigo 313 da LCSP):

- l) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data nel sinalada para o seu comezo, agás que no prego se sinala outro menor.
- m) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, agás que no prego se sinala outro menor.
- n) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.

Reprodúcese a continuación o informe emitido polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 13 de marzo de 2020:

“O Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria e urxente dos día 29 de novembro de 2018 adoptou o acordo de aprobación do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros.

O concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade o 28 de decembro de 2018 resolveu adxudicar a empresa Eurocop Security Systems, S.L (NIF: B84137470) a execución deste contrato mixto de xestión de emerxencias (Expediente 35-2131) por un prezo total de 31.600,00€, sendo a cota correspondente ao IVE DE 5.484,30€, todo isto de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de novembro e a oferta presentada.

O prego de prescrición técnicas no punto apartado 8 establece que o prazo de execución do contrato será de 30 días e non proceden prórrogas. Así mesmo, o apartado 4A) do Anexo I de características técnicas do contrato FEC establece que o prazo total é de 30 días, propondo a empresa na oferta económica un redución do prazo máximo de entrega de 15 días. A empresa Eurocop Security Systems, S.L. asinou a resolución de adxudicación con contrato con data 17 de xaneiro de 2019.

O 15 de febreiro de 2019 (rematado o prazo de execución), despois de realizar diversas chamadas a empresa, recibimos un correo electrónico co seguinte contido: "Quedamos a su disposición para determinar los requerimientos técnicos y avanzar en la implementación del sistema. Indicarnos disposición para una primera toma de contacto telefónico y comentar requerimientos".

O 5 de marzo de 2019 o Servizo de Administración Electrónica crea, a petición da empresa adxudicataria, un servidor Gesfire de aplicacións e outro dedicado as integracións para implementar o programa.

Unha vez que instalaron un modelo de programa que non se axustaba ao requirido porque estaba formulado para outro colectivo, se lle pediu que viñeran ao parque a explicar o programa e ver as necesidades específicas, polo que o 29 de abril acudiron ao Parque Central de Teis onde expuxeron o programa que en nada se axustaba as directrices establecidas, polo ao día seguinte se lle remitiu correo electrónico comunicándolle que comprobado, des-

pois da visita, que o proceso de implementación do sistema no SPEIS de Vigo estaba nun estado inicial, se lle recordaba que o prazo de execución establecido en 15 días estaba amplamente sobrepasado.

O 21 de maio remiten por correo electrónico os cambios efectuados no módulo de xestión de avisos do programa para valoración e pídenos que revisemos o resto de módulos comprobando que non habían recollido ningunha das modificacións indicadas.

No mes de xullo como non tiñamos noticia ningunha da empresa, contactamos telefonicamente con eles e lle pedimos que viñeran ao servizo e implantaran o programa. O 18 de xullo veñen novamente e comprobamos que o programa era o mesmo esqueleto aportado dende o inicio polo en presenza de mandos, condutores e telefonistas se lle volveu a explicar o funcionamento do servizo e se lle pediu que unha vez elaborado o programa o viñeran a instalar e probar.

O 26 de de setembro volven a remitirnos diversos links con modificación realizadas no proxecto sin que ata o día data entregaran o programa adquirido nin implementaran o sistema.

Por todo o exposto, solicitamos a resolución deste contrato por incumprimento do prazo contractual establecido en 15 días”.

Tras un exame das causas de resolución, e á vista do informe do xefe do Servizo de Extinción de Incendios, podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado d) do artigo 211.1 da LCSP.

-IV-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.



Concello de Vigo

- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior. Neste caso non procede porque neste procedemento non se require a constitución de garantía definitiva (artigo 159.6g) da LCSP).
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva. Dado que o contratista non formulou alegación ningunha durante o trámite de audiencia e, en consecuencia, non formulou oposición, non é preciso o ditame do Consello Consultivo.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

-V-

Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP.

O seu apartado 3 prevé que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía y deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. En todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, tivese constituído.

Segundo se desprende do informe do xefe do Servizo de Extinción de Incendios a causa da resolución débese a unha causa imputable ao contratista, no entanto, como xa se indicou no punto anterior, neste procedemento non se constituíu garantía definitiva ao tratarse dun procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, polo que non é posible a súa incautación.

Respecto da indemnización polo contratista á Administración polos danos e perdas ocasionados, o Consejo de Estado vén recoñecendo (ditame 116/2015, do 10 de marzo) que, como mínimo, serán os derivados das actuacións tendentes a resolver o contrato e licitar un novo co conseguinte atraso na satisfacción da finalidade pública perseguida polo contrato.

Consta no expediente informe emitido polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios no que indica “[...] *que este incumprimento non ocasionou ao Servizo de Bombeiros ningún dano nin perda, mais ala da demora na implantación dun sistema de xestión que permita a automatización na xestión do servizo e un sistema de xeolocalización que ofrezca información para una mellor resposta nas intervencións. A implementación deste sistema é necesario pero no impide o normal desenvolvemento do servizo*”.

-VI-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Logo da audiencia ao contratista, emitirase informe proposta que resolverá o mesmo órgano competente, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), e no caso de que o contratista formule oposición, do informe do Consello Consultivo.

-VIII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Resolver o contrato mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros adxudicado pola Xunta de Goberno local a EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L. na sesión do 28 de decembro de 2018, por un prezo total de 31.600,00 euros e un prazo de execución de 15 días, por concorrer a causa prevista no artigo 211.1d da LCSP (A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista).”



Concello de Vigo

2º.- *Notificar este acordo ao contratista*”.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(614).- ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA-SADI. EXPTE. 10126/224.

Visto o informe de fiscalización do 03/08/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 31/07/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia-SADI- (10126-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI).

2º.- Autorizar o gasto de 360.390,32 € para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia, que se imputará con cargo á partida presupostaria “sadi kanguros” 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2020, 2021 e 2022, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 75.081,32 €, no exercicio 2021 imputarase

180.195,16 € e no exercicio 2022 imputarase 105.113,84 €, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

3º.- Aprobado o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia de data 19.06.2020, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 12.06.2020.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de xullo de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	99 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS (G-36.657.336), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, o día 23 de xullo de 2020, que presenta a documentación requirida o 28 de xullo de 2020, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,



Concello de Vigo

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS,, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e acordo de clasificación da Mesa de Contratación de 22 de xullo de 2020 no que se outorga a máxima puntuación ao único licitador admitido (cláusula 16.3 do PCAP)

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS (G-36.657.336) o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia -SADI- (10.126-224) por un prezo total do contrato é de 360.390,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.762,76 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(615).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO SEXTO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIANA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 9721/307.

Visto o informe de fiscalización do 03/08/2020, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 31/07/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO VI PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 9 de marzo de 2020.

3º.- Autorizar o gasto de DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL OTOCENTOS VINTESEIS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS 259.826,50 € (con IVE) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de xullo de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,22
2	ORECO, S.A.	96,11



Concello de Vigo

3	GROMA OBRAS, S.L.	87,81
4	LAPATIAN, S.L.	79,54

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 222 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 23 de xullo de 2020, que presenta a documentación requirida o 29 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de xullo de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 e 16 de xullo de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307) por un prezo total de 210.459,46 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.526,02 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(616).- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRESAS E DEMAIS ALIMENTACIÓN PARA A FAUNA EN VIGOZOO. EXPTE. 10368/612.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/08/2020, asinado pola ténica de Admón. Xeral (por ausencia daxeña do Servizo de Contratación), a titular da Asesoría Xurídica, a Interventora Xeral adxunta e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar na sesión ordinaria do 23 de xullo de 2020, adoptou o seguinte acordo:



Concello de Vigo

“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do subministro de presas e demais alimentación para a fauna de VigoZoo (exp. 10368-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 10/06/20 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10/07/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 45.984,48 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (4.598,44 €) e a anualidade máxima de 2020 será de 5.748,06 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.03 “Outros alimentos”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”.

II.- Detectáse un erro no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) no apartado 3. B) do Anexo I- FEC (“IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN”) que se reproduce a continuación:

“(…) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 4.598,44 €(…)”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa e toda vez que o orzamento base de licitación (apartado 3.A do Anexo I- FEC: 45.984,48 €) inclúe o IVE do 10%, advírtese un erro no cálculo do IVE posto que debería fixar un IVE de 4.180,41 € en vez de 4.598,44 €.

Á vista do exposto, o referido apartado 3. B) do Anexo I- FEC quedará redactado como segue:

*“(…) **B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 4.180,41 €(…)**”*

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar o apartado 3.A) do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado o 23 de xullo de 2020 que quedarán redactados como seguen:

“ (...) B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 4.180,41 €(...)”

2º.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.”

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(617).- RECOÑECIMENTO DE ABONO A CONTA DA INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN NA ESCOLA INFANTÍL MUNICIPAL DE ATALAIA-TEIS, COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6463/241.

Visto o informe de fiscalización do 04/08/2020, dase conta do informe-proposta do 27/07/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, por autorización da xefa do Servizo e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de



Concello de Vigo

alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de abril de 2020, a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL) acordou:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de execución do contrato de xestión da escola infantil municipal atalaia-teis (expediente 17066-332) formalizado con Aurora, Pilar y Ana SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Segundo.- O 15 de maio de 2020, AURORA, PILAR Y ANA, S.L. (empresa adxudicataria do contrato de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis) presenta no Rexistro do Concello de Vigo (documento número 200057859) escrito de solicitude de abono a conta da indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato administrativo de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente 17.066-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 16 de marzo ao 30 de abril. Complementa esta solicitude coa presentación de nova documentación en datas 18 e 19 de xuño de 2020 (documentos 200109049 e 20019694).

Terceiro.- En data 12 de xuño de 2020, AURORA, PILAR Y ANA, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento número 200105375) escrito de solicitude de abono a conta da indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato administrativo de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente

17.066-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 1 ao 31 de maio de 2020.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión 17 de xullo de 2020, acordou o seguinte:

"Reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIA-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS (EXPEDIENTE 17.066/332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro".

Quinto.- En data 21 de xullo de 2020, o técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación informan o seguinte:

"Con data 15 de maio de 2020, Aurora, Pilar y Ana SL (empresa adxudicataria do contrato vixente para a xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización (doc 200057859) con motivo da suspensión do contrato de xestión da EIM Atalaia-Teis, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo. Posteriormente, en datas 18 e 19 de xuño, a mesma empresa presenta documentación complementaria desta solicitude (docs 200109049 e 200109694, respectivamente)

En relación ao solicitado:

- 1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:
- i. Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis (expediente 17066-332) formalizado con Aurora, Pilar y Ana SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6463-241).*
 - ii. A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.*
- 2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:

"Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:

1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.

2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.



Concello de Vigo

3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.

4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.

3º) Na solicitude de indemnización, Aurora, Pilar y Ana SL adxunta documentación acreditativa de pago polos seguintes conceptos: Gastos salariais (das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020, tal e como indicaran na comunicación de suspensión de contrato de data 01/04/2020), Mantemento da Garantía definitiva e Pólizas de Seguro, relativos ao periodo comprendido entre o 16 de marzo e o 30 de abril de 2020.

Presentan asimesmo solicitude de indemnización polo concepto de Alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos, relativos ao perioso de suspensión do contrato. Achegan factura anual do Servizo de Prevención contratado pola empresa adjudicataria, estimando o gasto do periodo 16-03-30/04/2020 en 39,95 euros. Para o funcionario que subscribe non está clara a adecuación deste concepto ao tipo de custo do que se trata neste apartado, polo que este aspecto non se terá en conta, a expensas de mellor criterio.

Unha vez analizada a documentación aportada, coa que o funcionario que subscribe, responsable técnico dos contratos, manifesta a súa conformidade (coa excepción indicada no parágrafo anterior), procede unha indemnización a Aurora, Pilar y Ana SL, pola suspensión do contrato para a xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o periodo comprendido entre o 16/03 ao 30/04/2020, polos seguintes importes:

Expte 17.066/332, Lote 3 (EIM ATALAIA-TEIS)

Gastos salariais:

6.663,78€ (periodo 16-30/03/2020)

13.043,40€ (periodo 01-30/04/2020)

19.707,18€ subTOTAL

Mantemento Garantía: 152,16€

Pólizas de seguros: 324,29€

Total: 20.183,63€

4º) Esta cantidade aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica a continuación:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Atalaia-Teis	17066-332	20.183,63	202000003276

Sexto.- En data 24 de xullo de 2020, o técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación informan o seguinte:

“Con data 12 de xuño de 2020, Aurora, Pilar y Ana SL (empresa adxudicataria do contrato vixente para a xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización (doc 200105375) polo periodo comprendido entre o 1 e o 31 de maio de 2020, con motivo da suspensión do contrato de xestión da EIM Atalaia-Teis, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo. Posteriormente, en 19 de xuño, a mesma empresa presenta documentación complementaria (Declaración xurada) desta solicitude (doc 200109694)

En relación ao solicitado:

- 1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:*
 - i. Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis (expediente 17066-332) formalizado con Aurora, Pilar y Ana SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6463-241).*
 - ii. A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.*
- 2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:*

"Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:

1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.

2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.

3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.

4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.



Concello de Vigo

3º) Na solicitude de indemnización, Aurora, Pilar y Ana SL adxunta documentación acreditativa de pago polos seguintes conceptos: Gastos salariais (das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020, tal e como indicaran na comunicación de suspensión de contrato de data 01/04/2020), Mantemento da Garantía definitiva e Pólizas de Seguro, relativos ao período comprendido entre o 1 e o 31 de maio de 2020.

Presentan asimesmo solicitude de indemnización polo concepto de Alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos, relativos ao período de suspensión do contrato. En relación aos conceptos alegados neste apartado (Servizo de Prevención contratado pola empresa adxudicataria e IAE deste período e do anterior), para o funcionario que subscribe non está clara a súa adecuación ao tipo de custo do que se trata neste apartado, polo que este aspecto non se terá en conta, a expensas de mellor criterio.

Unha vez analizada a documentación aportada, coa que o funcionario que subscribe, responsable técnico dos contratos, manifesta a súa conformidade (coas excepcións indicadas no parágrafo anterior), procede unha indemnización a Aurora, Pilar y Ana SL, pola suspensión do contrato para a xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis durante o período comprendido entre o 1/05 ao 31/05/2020, polos seguintes importes:

Expte 17.066/332, Lote 3 (EIM ATALAIA-TEIS)

Gastos salariais: 13.085,20€

Mantemento Garantía: 101,44€

Pólizas de seguros: 216,19€

Total: 13.402,83€

4º) Esta cantidade aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica a continuación:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Atalaia-Teis	17066-332	13.402,83	202000003276

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada

en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.



Concello de Vigo

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitudes de abonos parciais dos períodos 16 marzo a 30 de abril de 2020 e 1 a 31 de maio de 2020.

A lei permite ao órgano de contratación esixir para efectuar o anticipo que este se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na LCSP. Máis esta Administración opta por non esixir estas garantías.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da

execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente 17.066-332) formalizado con AURORA, PILAR Y ANA, S.L. declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 16 de marzo de 2020 ata o 17 de xullo de 2020 (data na que se reanuda o servizo) polos seguintes importes:

- 20.183,63 euros para o período 16 de marzo a 30 de abril de 2020
- 13.402,83 euros para o período 1 ao 31 de maio de 2020

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Recoñecer o dereito de AURORA, PILAR Y ANA SL a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente 17.066-332), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 16 de marzo de 2020 ata o 17 de xullo de 2020 (data na que se reanuda o servizo) , polos seguintes importes:

- *20.183,63 euros para o período 16 de marzo a 30 de abril de 2020, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:*
 - *Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato: 19.707,18 euros*
 - *Gastos por mantemento da garantía definitiva: 152,16 euros*
 - *Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 324,29 euros*

Esta cantidade aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica a continuación:



Concello de Vigo

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Atalaia-Teis	17066-332	20.183,63	202000003276

➤ 13.402,83 euros para o período 1 ao 31 de maio de 2020, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:

- Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato: 13.085,20 euros
- Gastos por mantemento da garantía definitiva: 101,44 euros
- Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 216,19 euros

Esta cantidade aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica a continuación:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Atalaia-Teis	17066-332	13.402,83	202000003276

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(618).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA ACORDO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO REXIONAL DE GALICIA DO 28/02/2020 (RECAÍDO EN EXPEDIENTE 54/00450/2018) ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA EN MATERIA CATASTRAL. EXPTE. 2716/500.

Dáse conta do informe-proposta do 01/08/2020, asinado pola técnica xurídica, pola directora de Ingresos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1º.- O Concello de Vigo, entidade colaboradora en materia de xestión catastral, tivo coñecemento do Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia (en adiante, TEAR) de data 28/02/2020 (notificado á Xerencia do Catastro de Pontevedra o 20/07/2020), recaído en expediente 54/00450/2018, estimatorio de reclamación económico-administrativa contra Acordo da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra do 19/12/2017 de non alteración catastral do inmovible con referencia catastral 54057A***00***0002XA (expediente 00328355.54/17).

2º.- O anterior Acordo anula o acto administrativo impugnado (Acordo da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra do 19/12/2017 de non alteración alteración catastral do inmovible con referencia catastral 54057A***00***0002XA (expediente 00328355.54/17)) e ordea o inicio dun procedemento de subsanación de discrepancias regulado no artigo 18.1 do Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRCI) que teña por obxecto “adecuar la realidad catastral del inmueble y consecuentemente la titularidad catastral”.

3º.- Como queira que a execución deste Acordo do TEAR do 28/02/2020 pode contravir o disposto no artigo 3.3 do TRLCI, que dispón que “Salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario se presumen certos” e que isto podería supoñer un prexuízo para esta administración municipal e afectar á integridade dos recursos financeiros da súa facenda, ao ter atribuída legalmente a xestión tributaria do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), propónse a impugnación deste Acordo do TEAR, por ostentar este Concello un interese lexítimo, en base ao disposto nos artigos 241 e 232 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, a adopción do seguinte acordo:

Interpoñer recurso de alzada ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional -para a súa elevación a Tribunal Económico-Administrativo Central- contra Acordo do Tribunal Económico-Administrativo Rexional do 28/02/2020 recaído en expediente 54/00450/2018, estimatorio de reclamación económico-administrativa contra Acordo da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra do 19/12/2017 de non alteración catastral do inmovible con referencia catastral 54057A***00***0002XA (expediente 00328355.54/17).

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(619).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN, DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAS DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2020/2021. EXPTE. 24176/332.

Mediante dilixencia de data 29/07/2020, a xefa do Servizo de Educación, dá conta das “Resolucións do concelleiro-delegado de Educación, das listas definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda nas escolas infantís municipais para o curso 2020/2021”, que son as seguintes:

A) Resolución de data 16/07/2020:

Vista a proposta contida no informe do técnico superior do Servizo de Educación de data 16 de xullo de 2020, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2020/2021



Concello de Vigo

RESOLVO:

- 1) Estimar, polas razóns expostas, a reclamación nº 1, (Roberto Alonso Pérez) do Anexo "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2020-2021" deste informe.
- 2) Desestimar, polas razóns expostas, a reclamación nº 2, (María Isabel Fernández Fernández) do Anexo "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2020-2021" deste informe.
- 3) Aprobar a incorporación, polas razóns expostas, ás listaxes definitivas dos solicitantes: Martín Sousa Valladares, Juan Arias Mackinlay, José Rodríguez Figueiras e Candela Vázquez Fernández
- 4) Desestimar, polas razóns expostas, a solicitude de Oliver Martín Casal.
- 5) Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM): escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos, Santa Marta-Casco Vello, Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Navia, Bouzas e Costeira-Saiáns, para o curso 2020-2021, que se inclúen no expediente.
- 6) Ordenar a publicación das citadas listas no taboleiro de anuncios das escolas infantís municipais e na páxina web escolasvigo.org/reim.
- 7) Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou esta resolución no prazo de un mes contado a partir do día seguinte da notificación ou publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, sen presuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Desta Resolución darase conta á próxima Xunta de Goberno Local.

B) Resolución de data 24/07/2020 de conformidade co seguinte informe-proposta asinado pola xefa do Servizo de Educación:

En data 16 de xullo de 2020, o técnico superior de Educación, emite informe-proposta para a aprobación das listas definitivas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas escolas infantís municipais para o curso 202-2021, conformadas de acordo co procedemento establecido nas "Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2020-2021" e as reclamacións presentadas no prazo establecido reflectidas no "*Anexo-Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2020-2021*".

Unha vez publicadas as listas definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda nas escolas infantís municipais para o curso 2020-2021, recíbese chamada no Servizo de Educación de Adrián Domínguez Veiga solicitando información sobre reclamación n.º doc. 200122111 de data 8 de xullo de 2020, da que non se ten coñecemento neste Servizo e que unha vez feitas as correspondentes averigüacións detéctase que esta reclamación foi enviada dende o Rexistro Xeral a outro Servizo por erro.

Na súa reclamación Adrian Domínguez Veiga solicita a rectificación da puntuación outorgada nos listados provisionais a súa filla Irea Seoane Domínguez alegando que a situación laboral da súa nai Iria Seoane Cao se atopa de baixa por IT e non de desempregada.

Non procede estimar a reclamación en base á información que se reflicte no informe da vida laboral que se aplica para a baremación, según o establecido na Norma Oitava B).2 das Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais para o curso 2020/2021.

En consecuencia e de acordo co exposto anteriormente, propónse ao concelleiro delegado de Educación e Xuventude adoptar os seguintes acordos:

1. Desestimar, polas razóns expostas, a reclamación n.º 3 de D. Adrian Domínguez Veiga en relación á puntuación outorgada nos listados provisionais a súa filla Irea Seoane Domínguez.
2. Engadir a reclamación n.º 3 de D. Adrián Domínguez Veiga ao “Anexo “Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2020-2021” do expediente 24176-332.
3. Contra esta Resolución que finaliza a vía administrativa, poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes dende o día seguinte á recepción da notificación ou publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local queda informada.

11(620).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2020. EXPTE. 48409/446.

Dáse conta da Resolución de data 28/07/2020, asinada pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e a secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadi-



Concello de Vigo

do, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”

formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
13960/446	CMO	Obras de mellora da accesibilidade aos Aseos de Samil	Cíes Obra Civil, SL	1710.2100000	26/06/2020	7.441,92 €
13951/446	CMSER	Servizo de notificación aos propietarios das fincas incluídas na rede secundaria de faixas de xestión da biomasa forestal	Correo Inteligente Postal, SLU	1710.2279900	19/06/2020	17.960,00 €
12852/446	CMO	Obras de mellora da accesibilidade e comunicación entre as rúas Marqués de Alcedo e Celso Emilio Ferreiro	Narom, SL	1710.2100000	18/03/2020	15.199,10 €

ACORDO

A Xunta de Goberno Local queda informada.

12(621).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 2772/334.

Visto o informe xurídico do 28/07/2020 e o informe de fiscalización do 30/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/07/2020, asinado pola técnica do Servizo de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O DOG do 16 de xullo (núm. 141) recolle a publicación da Orde do 18 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura e Turismo) pola que se

establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (código do procedemento PL400A).

No artigo 4 establécese que dentro das "Modalidades de axuda" está a de "Mantemento dun servizo lingüístico dunha entidade local", enténdese baixo este epígrafe "...a dotación de continuidade a un servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións".

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.1.b (servizo xa existente), art. 8 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación).

O SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana, cara podermos desempeñar o labor programado anualmente.

Esta orde de convocatoria de subvencións ábrenos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- "A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística **para o mantemento do SNL** por un total de 15.000,00 euros.

2.- Designar á técnica de Normalización Lingüística, Marta Souto González, para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística que se desprenden das bases da ORDE do 18 de xuño de 2020."

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(622).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NOS MESES DE XUÑO E XULLO DE 2020. EXPTE. 2773/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/07/2020, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de xuño e xullo de 2020.

Expediente	2753-334. REALIZACIÓN 44 OBRADOIROS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE VIGO (CONCELLARÍA DE XUVENTUDE) NESTE VERÁN DE 2020
Resolución concelleira	data 22 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 45015/45016
Adxudicatario	Eduvía, xestión, cultura e lecer, S.L.
Importe	14.300,00 euros
Expediente	2754-334. 8 CONCERTOS DE MÚSICA INFANTIL EN GALEGO, DIRIXIDOS A PÚBLICO FAMILIAR -CANTOS E CONTOS PARA COIDAR A TERRA-, NAS FESTAS DE VIGO DESTE VERÁN DE 2020
Resolución concelleira	data 19 de xuño de 2020
Informe Intervención	RC 38503
Adxudicatario	Servando Barreiro Fernández
Importe	1.650,00 euros
Expediente	2755-334. REALIZACIÓN DE CONTADAS EN LINGUA GALEGA PARA PÚBLICO FAMILIAR
Resolución concelleira	data 23 de xuño de 2020
Informe Intervención	RC 39316
Adxudicatario	Raquel García Rodríguez (nome artístico: Raquel Queizás)
Importe	1.408,00 euros
Expediente	2756-334. REALIZACIÓN DE 10 CONTADAS PARA PERSOAS ADULTAS NO MARCO DA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DE VIGO DESTE VERÁN
Resolución concelleira	data 26 de xuño de 2020
Informe Intervención	RC 39407
Adxudicatario	Xosé Avelino González Fernández
Importe	3.300,00 euros

Expediente	2756-334. REALIZACIÓN DE 10 CONTADAS PARA PERSOAS ADULTAS NO MARCO DA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DE VIGO DESTE VERÁN
Resolución concelleira	data 26 de xuño de 2020
Informe Intervención	RC 39407
Adxudicatario	Xosé Avelino González Fernández
Importe	3.300,00 euros

Expediente	2757-334. REALIZACIÓN DE 10 ESPECTÁCULOS MÚSICO-TEATRAIS EN LINGUA GALEGA, CONTOS NAS ORELLAS PARA PÚBLICO FAMILIAR, A FAVOR DE MIGALLAS TEATRO, S.L.
Resolución concelleira	data 29 de xuño de 2020
Informe Intervención	RC 40539
Adxudicatario	Migallas Teatro, S.L.
Importe	3.000,00 euros

Expediente	2758-334. REALIZACIÓN DE 10 CONTADAS REGRESAR AOS CONTOS EN LINGUA GALEGA PARA PÚBLICO FAMILIAR
Resolución concelleira	data 6 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 42776
Adxudicatario	Miguel Ángel Alonso Diz
Importe	1.500,00 euros

Expediente	2759-334. REALIZACIÓN DE 10 REGUEIFADAS, ESPECTÁCULOS DE IMPROVISACIÓN ORAL, NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO, NO VERÁN DE 2020
Resolución concelleira	data 2 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 41701
Adxudicatario	Asociación Cultural ORAL de Galicia
Importe	3.800,00 euros

Expediente	2760-334. REALIZACIÓN DE XAN DAS ONDAS, ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DIRIXIDA A FAMILIAS, CON INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS
Resolución concelleira	data 13 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 44239/44238
Adxudicatario	Barafunda animación



Concello de Vigo

Importe	3.327,50 euros
---------	----------------

Expediente	2761-334. 10 CONCERTOS DE MÚSICA INFANTIL EN GALEGO PARA SE LEVAR A CABO NESTE VERÁN DE 2020
Resolución concelleira	data 13 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 44240/44242
Adxudicatario	Muidiño, Sociedade Cooperativa Galega (nome comercial: Cé orquestra pantasma)
Importe	3.811,50 euros

Expediente	2762-334. REALIZACIÓN DE 8 CONCERTOS EN LINGUA GALEGA PARA PÚBLICO FAMILIAR
Resolución concelleira	data 13 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 44241/44243
Adxudicatario	Reviravolta producións, S.L. (nome artístico: As Maimiñas)
Importe	4 840,00 euros

Expediente	2764-334. 5 CONTADAS MUSICADAS DIRIXIDAS A PÚBLICO INFANTIL NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2020
Resolución concelleira	data 8 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 43792
Adxudicatario	Manuel Martínez Torres
Importe	2.117,50 euros

Expediente	2767-334. REALIZACIÓN DE DE 4 CHARLAS-OBRAIDROS DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA
Resolución concelleira	data 9 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 44019
Adxudicatario	Jorge Mariño Alfonso
Importe	1.100,00 euros

Expediente	2768-334. REALIZACIÓN DE 4 ESPECTÁCULOS POÉTICO-MUSICAIS (SLAM) EN LINGUA GALEGA NESTE VERÁN DE 2020 EN DIFERENTES ESPAZOS DA CIDADE
Resolución concelleira	data 22 de xullo de 2020
Informe Intervención	RC 45017/45018

Adxudicatario	María Esther Fernández Carrodeguas (nome comercial: Butacaze-ro.net)
Importe	4.356,00 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

14(623).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN “ANHIDA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2020. EXPTE. 9586/320.

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 02/06/2020, D. Ricardo García Díaz (DNI 3607****), en calidade de presidente da “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”” (CIF: G-36938272), achegou escrito có número 200098720, solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2020, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/10/19 e o 30/04/2020.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Ricardo García Díaz, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA””, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/07/2020
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 17/03/2020
 - Certificado da Seguridade Social, de data 02/06/2020
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 18/02/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:



Concello de Vigo

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (outubro 2019 - abril 2020)	
Aluguer local social	10.500,00 €
Electricidade	700,00 €
Auga	160,00 €
TOTAL	11.360,00 €

INGRESOS (outubro 2019 – abril 2020)	
Paricipación Cidadá	4.000,00 €
Anhida	7.360,00 €
TOTAL	11.360,00 €

8. Contrato de aluguer.
9. Póliza do seguro do local e de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais

f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 889/04, segundo resolución de data 08/10/04.

V. O vixente exercicio presupostario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4800002 "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"", cunha dotación orzamentaria de 4.000,00 €.

VI. En data 29/06/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA" (G36938272), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2019 ata abril de 2020.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"".

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.



Concello de Vigo

- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.

- ✓ Fomentar o estudo da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Don Ricardo García Díaz, con DNI 3607*****, en calidade de Presidente da "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"" (CIF: G36938272), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9586/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais

non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

e

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de abril de



Concello de Vigo

2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4800002 “*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”*”, cunha dotación orzamentaria de 4.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as

actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de

medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/19 e o 30/04/20, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral



Concello de Vigo

(Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo

dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.000,00 € (catro mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.480002 denominada "*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" (CIF.-G36938272), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2019 e abril de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.000,00 € (catro mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA"", PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ricardo García Díaz, con DNI 3607*****, en calidade de Presidente da "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"" (CIF: G-36938272), con domicilio social na Rúa Antón Beiras, 8, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9586/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., que inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio á atención e integración social, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, educativos, formativos, así como, a información, promoción e organización de accións encamiñadas orientadas á defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, sendo a "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" " unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudo da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 889/04.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"" leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2020, segundo memoria achegada, en particular, as realizadas entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de abril de 2020, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.-Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800002, denominada "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"", nominativa con una partida orzamentaria de 4.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"" para o 2020, que fundamentan a concesión da subvención para o



Concello de Vigo

financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Terapia psicolóxica mixta (individual e/ou grupal)
- Terapia psicopedagóxica
- Clases de apoio
- Cursos psicoeducativos e coaching individual para adultos
- Escola para pais e titorías
- Charlas en colexios
- Formación a estudantes en prácticas

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade realizadas entre o 1 de outubro de 2019 e 30 de abril de 2020, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (outubro 2019 - abril 2020)	
Aluguer local social	10.500,00 €
Electricidade	700,00 €
Auga	160,00 €
TOTAL	11.360,00 €

IX.- Que a entidade "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" non incorra en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
6. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
7. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
8. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800002, denominada "*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades entre o 01/10/19 e o 30/04/20, en definitiva, para o seu fomento.
2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*".
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.



Concello de Vigo

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da

subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos

solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*".

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1 de outubro de 2019 ata o 30 de abril de 2020.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que as solicitudes para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta**



Concello de Vigo

xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, chegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tickets de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

- cando se inclúan gastos de seguros, achegárase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.



Concello de Vigo

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES97 0049 5393 1527 16026134 (SANTANDER).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2019 e o 30/04/2020.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá

o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos

Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as



Concello de Vigo

Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despreparará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

15(624).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS” PARA A DIFUSION DA CULTURA MARIÑEIRA. EXPTE. 9474/320.

Visto o informe de fiscalización do 20/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 27/02/2020, D. Jenaro Jose Valcarce Campos (DNI: 3598*****) en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO ARTESANAIS DE VIGO” (CIF: G36799351), achegou escrito (doc. 200032662) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para difusión da cultura mariñeira.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, D. Jenaro Jose Valcarce Campos, o representante da entidade para a sinatura do convenio.

III. A entidade, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 04/03/2020
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 05/03/2020
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/03/2020
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 18/02/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2019-30/09/2020)	
Mantemento embarcacións	7.135,00 €
Mantemento pantaláns	10.125,00 €
Autorización administrativas/impostos	10.725,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	4.900,00 €
Formación e participación, encontros tradicionais	5.200,00 €
TOTAL	38.085,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2019-30/09/2020)	
Cotas socios e participantes encontros tradicionais	22.085,00 €
Subvención Convenio Colaboración Concello de Vigo	16.000,00 €
TOTAL	38.085,00 €

8. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización



Concello de Vigo

- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 490/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, cunha dotación orzamentaria de 16.000,00 €.

VI. Con data 26/06/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O presente expediente ten por obxecto a aprobación do convenio de colaboración coa “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”, que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para a conservación e difusión da cultura mariñeira e mantemento das embarcacións municipais.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas”.

Que a entidade “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*
- *Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*

- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*
- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnenez e Brest na Bretaña francesa.*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D. Jenaro Jose Valcarce Campos (DNI: 3598****), en calidade de Presidente da "ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO S ARTESANAIS DE VIGO" (CIF: G36799351), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9474/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder



Concello de Vigo

subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Co obxecto de garantir e promover, sen ánimo de lucro, a conservación da cultura mariñeira tradicional (artigo 6º dos Estatutos), a entidade desenvolve actividades de recuperación e construción de réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.

A Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin. Así mesmo comprométese ao seu mantemento, acondicionamento e amarre para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, e áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será do 01/10/2019 ao 31/10/2020.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O importe do convenio de 16.000,00 € imputaranse con cargo á partida 9240 4890013 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral xa que os gastos subvencionables obxecto da axuda que se pretende conceder á Asociación Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, son de carácter corrente para mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, etc.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.



Concello de Vigo

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.



Concello de Vigo

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- APROBAR o proxecto de convenio de colaboración que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, con CIF: G36799351 coa finalidade de promover, conservar e difundir a cultura mariñeira, e conservar e manter as embarcacións tradicionais propias e municipais (traíña, galeón, bote polbeiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións, durante o ano 2020. **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 16.000€ (dezaseis mil euros).

SEGUNDO.- AUTORIZAR e DISPOR o gasto de **16.000,00 €**, con cargo á partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020.

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS” PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, don Jenaro José Valcarce Campos, con DNI 3598***** en calidade de presidente da “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas”, CIF nº G36799351 e enderezo social no Paseo Marítimo Valentín Paz Andrade, 1 de Bouzas, na representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expediente 9474/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” ten, entre outros, os seus fins estatutarios:

- *O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*



Concello de Vigo

- *Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*
- *Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*
- *Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*
- *Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*
- *Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnenez e Brest na bretaña francesa.*

Que, dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2020 sobre a difusión da cultura mariñeira están, entre outras, as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.

II.- Que dende o Concello de Vigo estase a difundir esta cultura mariñeira dende hai moitos anos. O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:

- "Vigo 05" Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
- "Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
- "Praia da Fontaiña" gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
- "Coruxo" galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
- "Illa de Toralla" Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:

- Reparación e carenado das embarcacións tradicionais.
- Actividade semanal para o ensino da navegación en embarcacións tradicionais (maio- setembro).
- Participación en encontros de embarcacións tradicionais (A Guarda, Moaña, Bueu, escenificacións da Batalla de Rande...)
- Concurso de pesca dende as embarcacións tradicionais en modalidade libre
- Concurso de pesca infantil
- Concerto de Canción Mariñeira

-Navegacións da flota tradicional co alumnado das entidades sociais da cidade.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíña, bote polbeiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.

V.- Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

VI.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 490/96.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890013, denominada, "Convenio Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas" nominativa a favor da entidade, con unha consignación orzamentaria de 16.000 €.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2019 ata o 30/09/2020, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/10/2019-30/09/2020)	
Mantemento embarcacións	7.135,00 €
Mantemento pantaláns	10.125,00 €
Autorización administrativas/impostos	10.725,00 €
Subministro eléctrico e abastecemento de auga	4.900,00 €
Formación e participación, encontros tradicionais	5.200,00 €
TOTAL	38.085,00 €



Concello de Vigo

IX.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñen no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como, do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) e á realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....
2. Coidar e administrar calquera tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promovendo as mesmas non só en terra senón tamén no seu manexo no mar.
3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.
4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promover non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senón tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.
5. Acoller ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promover coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin (Traíña "Vigo 05", Bote Polbeiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna "Tope").
6. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

11. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñecemento da cultura mariñeira, tanto nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, coma a todo o público en xeral.

2.Emprestar as embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades de difusión da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.

3.Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida partida 9240 4890013 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais” do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, co obxecto de coadruar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade

subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

·A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.

· O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.

· De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.

· As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderán requirir unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.

· A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Oitavo.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Noveno.- A beneficiaria ten como prazo máximo ata o **30 de setembro de 2020**, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula

o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.



Concello de Vigo

b) Unha memoria final do programa de actividades, asinada electrónicamente, obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c) A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

d) Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electrónicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

e) Dos documentos xustificativos relacionados que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF

- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando de inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o de pagamento

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

g) Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

h) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

i) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

j) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza



Concello de Vigo

destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 5016 04 3040017025.

Décimo segundo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo terceiro- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada no período comprendido entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións



Concello de Vigo

individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despreparará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

16.- PROXECTO DE CONVENIO COA “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA COADXUVAR Á FINANCIACIÓN DA ORGANIZACIÓN, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 9468/320.

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 10/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 20/02/2020, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 3599****), en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF: G-36704666), achegou a documentación (nº 200029507) solicitando a celebración dun convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola Federación entre o 1 de outubro de 2019 ata o 30 de setembro de 2020.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Camilo Pais Martínez , a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 20/02/2020
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 20/02/2020
 - Certificado da Seguridade Social, de data 20/02/2020
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 18/02/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ÁREAS	CONCEPTO GASTOS (outubro 2019 a setembro 2020)	
Organización	Xestión e administración	9.400,00 €
Promoción	Edición da " Revista Anuario"	1.200,00 €
Convivencia	COVID-19	3.100,00 €
Social	XXXVI Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €
TOTAL		16.000,00 €

INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2019 a setembro 2020)	
Convenio Concello	15.000,00 €



Concello de Vigo

Aportación Federación de Peñas Recreativas El Olivo	1.000,00 €
TOTAL	16.000,00 €

8. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

V. O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €.

VI. En data 22/04/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. A vista do informe de fiscalización de data 25/06/2020 envíase notificación a Federación de Peñas Recreativas El Olivo para a modificación do orzamento presentado para o convenio que se propón para aprobación. A citada entidade presenta a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo a modificación solicitada có número de documento 200118379, de data 02/07/2020. Con data 03/07/2020, procédese a corrixir no texto do convenio e no presente informe o novo orzamento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO (G-36704666) que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2019 a setembro de 2020.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO".

Segundo recollen, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599*****, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte: 9468/320.



Concello de Vigo

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Federación de Peñas Recreativas El OLIVO son gastos destinados ao fomento das actividades da entidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local,

deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.



Concello de Vigo

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/19 e o 30/09/2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención

realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente



Concello de Vigo

para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre outubro de 2019 e setembro de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO. - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-

Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 3599*****, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte: 9468/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia



Concello de Vigo

de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de outubro de 2019 ata setembro de 2020, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo

obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de outubro de 2019 a setembro de 2020, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
Organización	Xestión e administración	9.000,00 €	9.400,00 €
Promoción	Edición da “ Revista Anuario”	1.000,00 €	1.200,00 €
Convivencia	COVID-19	2.900,00 €	3.100,00 €
Social	XXXVI Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.100,00 €	2.300,00 €
TOTAIS		15.000,00 €	16.000,00 €

VII.- Que a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de

Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” comprométese a colaborar coa concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo, Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.



Concello de Vigo

4. A revista "Anuario" reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo - Concellería de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inxeridos na revista.
5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto coa correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
13. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Federación de Peñas Recreativas El Olivo* unha subvención por importe de 15.000 € (quince mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*" do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para os meses de outubro de 2019 ata setembro de 2020.
2. Respetar a estrutura organizativa da "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.



Concello de Vigo

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1 de outubro de 2019 ata o 30 de setembro de 2020.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da



Concello de Vigo

subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a

pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/19 e o 30/09/2020.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá



Concello de Vigo

ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as

Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- - O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

17(626).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 9457/320.

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2020, dáse conta do informe-proposta de data 14/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 12/02/2020, D. Antonio Castro Neira (DNI: 3330****), en calidade de presidente da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G-36622835, achegou escrito (doc.200024653), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de financiamento dos gastos derivados da contratación dun intérprete de lingua de signos durante o período comprendido entre o 01/03/2020 ata o 30/09/2020.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Antonio Castro Neira , a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 04/03/2020
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 05/03/2020
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 04/03/2020



Concello de Vigo

1. Certificado do Concello de Vigo, de data 18/02/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

2.Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).

3.Datos do representante legal (anexo II).

4.Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

5.Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

6.Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

7.Datos da entidade bancaria (anexo VI).

8.Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

CUSTE SALARIAL 2020 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (01/03/20-30/09/20)	
Salario (7 meses)	727,85 €
Seguridade Social Empresa (7 meses)	238,37 €
Indemnización	169,83 €
TOTAL GASTOS	6.933,34 €

INGRESOS	IMPORTE
Concello de Vigo Participación Cidadá ILSE 2020	6.933,34 €
TOTAL	6.933,34 €

9.Contrato de traballo.

10.Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

11.Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

a) Fundamentación, obxectivos e metas

- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a, "Asociación de Personas Sordas de Vigo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 266/92, segundo resolución de Alcaldía de data 28/12/92.

V. O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 "Convenio Asociación Persoas Sordas de Vigo", cunha dotación de 7.000,00 €.

VI. En data 12/06/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 18/02/2020 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, durante os meses de marzo a setembro de 2020 (01/03/2020 – 30/09/2020), que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Asociación Personas Sordas de Vigo".

Que a entidade "*Asociación de Personas Sordas de Vigo*", conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.



Concello de Vigo

- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.

- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflicten as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D. Antonio Castro Neira, con DNI 3330****, en calidade de Presidente da "Asociación Personas Sordas de Vigo" (CIF.- G-36622835), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9457/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.



Concello de Vigo

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 "*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*", cunha dotación orzamentaria de 7.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "*Asociación Personas Sordas de Vigo*" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos

anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referenciados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/03/2020 e o 30/09/2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2020**.



Concello de Vigo

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar dixitalmente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 7.000,00 € (sete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008 denominada "*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación Personas Sordas de Vigo*" (CIF.- G36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial, durante os meses de marzo a setembro de 2020 (01/03/2020 – 30/09/2020) e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 7.000 € (sete mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de



Concello de Vigo

novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Don Antonio Castro Neira (DNI: 3330****), en calidade de presidente da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G-36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 9457/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo có número 266/92.

III.- Que a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse ao respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna as condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos.

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e tendo en conta que a ASV é a principal representante deste colectivo, estímase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de



Concello de Vigo

establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado polo Pleno Xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, prevé nominativamente, na partida 9240.4890008 “*Convenio Asociación de Xordos*”, a concesión dunha subvención por importe de 7.000 € a favor da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes intervenientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de marzo a setembro de 2020 (01/03/20- 30/09/20), tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

CUSTE SALARIAL 2020 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (01/03/20-30/09/20)	
Salario (7 meses)	727,85 €
Seguridade Social Empresa (7 meses)	238,37 €
Indemnización	169,83 €
TOTAL GASTOS	6.933,34 €

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

1. Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de marzo a setembro de 2020 (01/03/20 - 30/09/20), organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.
2. A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.
3. Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dixitalizadas, asinadas dixitalmente, dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.
4. O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.
5. Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”. Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.
6. Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.
7. O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de 23 horas 45 minutos semanais, organizándoas dende a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” conforme a planificación presentada.
8. O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.
9. O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.
10. O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para o ano 2020, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de marzo a setembro de 2020 (01/03/20- 30/09/20) e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 7.000 €.



Concello de Vigo

11. Facilitar a actuación de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar tanta información e documentación se lles solicite.

12. Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula décima do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.

13. Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación Cidadá, que se trata dun servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

14. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

15. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

16. En xeral, cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

17. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 7.000 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008, denominada “Convenio Asociación Xordos”, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de marzo a setembro de 2020 (01/03/20 – 30/09/20).

Respectar a estrutura organizativa da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación da acción conveniada.

Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

Terceiro.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “Asociación de Personas Sordas de Vigo” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Cuarto.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quinto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula décima deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa "Asociación de Personas Sordas de Vigo".

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2020.



Concello de Vigo

Noveno.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de Personas Sordas de Vigo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente memoria xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios

electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse dixitalmente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

Solicitude de abono da subvención asinada dixitalmente.

Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas dixitalmente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das

actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de prestación do servizo.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada dixitalmente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados no proxecto
- as retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.



Concello de Vigo

- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF

- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención

- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada dixitalmente do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente

retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Fotocopia do contrato de traballo.

i) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

Décimo primeiro.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES05 1491 0001 2921 88400424 (TRIODOS BANK).

Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2020 no período comprendido entre o 01/03/2020 ao 30/09/2020.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, , Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura dixital,

18(627).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA A PROGRAMACIÓN

DE ARTES ESCÉNICAS DO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2020. EXPTE. 3406/330.

Visto o informe xurídico do 22/07/2020 e o informe de fiscalización do 31/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/07/2020, asinado pola técnica de actividades culturais e educativas, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, o vixente decreto de delegación de competencias na Área de Cultura establece as seguintes atribucións:

"11. A promoción, difusión e extensión da Cultura en calquera das súas manifestacións.

12. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería da Área de Cultura organiza semestralmente a programación estable de artes escénicas con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, todas as fins de semana de febreiro a abril e de outubro a novembro.

O día 26 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo delegou nos concelleiros-delegados, entre outras as seguintes competencias:

"5.- O impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada, incluída, en relación cos convenios, a súa formalización e sinatura dos mesmos."

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.



Concello de Vigo

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este segundo semestre do ano 2020, contéplanse un total de 15 contratos de espectáculos diferentes que suporían un total de 57.299,50 €. Estes contratos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura, entre outros contratos fóra deste convenio que conforman a programación Vigocultura do segundo semestre de 2020. Trátase de programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, xustificando á Agadic e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará a correspondente xeneración de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración (15.400,79 €) na partida orzamentaria da Área de Cultura 33312260906 "programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe á programación do ano 2020 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público, este convenio non ter por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de Contratos do Sector Público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

É por isto, polo que se remite á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral deste Concello, o proxecto do texto do convenio para o segundo se-

mestre para a súa aprobación e posterior sinatura por parte do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Por todo isto, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

1. Aprobar a proposta do texto do convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais para o financiamento da programación de artes escénicas do segundo semestre do ano 2020 celebrada no Auditorio Municipal do Concello ao abeiro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, entidade á que pertence o Concello de Vigo desde o ano 2007 e que se achega no expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2020.

Santiago de Compostela

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG Nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Abel Fermín Losada Álvarez, representante de Concello de Vigo en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe por parte do concello o secretario, en virtude do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado



Concello de Vigo

pola Consellería de Cultura e Turismo.

2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

3. O artigo 5.1 Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da Administración Local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita Rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Esta está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhíren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

8. O Concello de Vigo e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2020.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do segundo semestre do ano 2020 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto do presente convenio está incluídas no plan estratéxico anual dos convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Segunda.-Obrigas do Concello/Deputación

Mediante a sinatura deste convenio, o Concello de Vigo comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro na cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

a) Levará a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.

b) Aboaralle ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.

c) Asumirá os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.

d) Remitirá a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina de Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.

e) Comunicaralle, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.

f) Utilizará en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

g) Porá á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitaralle á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.



Concello de Vigo

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

Terceira.-Obrigas de Agadic

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar e asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a) Realizará dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionará e manterá actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisará, comprobará e aprobará as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborará e apoiará o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborará informes de público anualmente, así como calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Fará fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

Cuarta.-Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 57.299.50 euros, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A Agadic colaborará cunha achega de 15.400.79 euros, impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 11A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2020.

O Concello de Vigo colaborará coa cantidade restante de 41.898.71 euros.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada aportación así como a súa programación será a que segue:

PA	A quinta do cuadrante	O EMPAPELADO AMARELO	02-10-2020	Auditorio Municipal de Vigo	660.00 €	990.00 €
PA	Cinema Sticado	PYKA	03-10-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,120.00 €	1,680.00 €
PA	Pistacatro Productora de Soños S.L.	ALMA (non é hippie)	10-10-2020	Auditorio Municipal de Vigo	2,240.00 €	960.00 €
PA	Elefante Elegante	DREAMING JULIET	16-10-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,540.00 €	2,310.00 €
PA	Kamikaze Producciones S.L	JAURÍA	23-10-2020	Auditorio Municipal de Vigo	5,808.00 €	8,712.00 €
PI	Talía Teatro	LAMBETADAS	25-10-2020	Auditorio Municipal de Vigo	716.00 €	1,074.00 €
PA	Teatro do Atlántico	A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI	30-10-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,815.00 €	1,815.00 €
PA	Teatro do Atlántico	A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI	31-10-2020	Auditorio Municipal de Vigo	1,501.79 €	1,583.71 € + 15 % bill.
PI	SPASMO TEATRO	VIAJE AL CENTRO DEL CUERPO HUMANO	01-11-2020	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,872.00 €
PA	Victoria Teijeiro Álvarez	O PREMIO	06-11-2020	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	3,100.00 €
PA	De Ste Xeito Producións	FEMINÍSSIMAS	13-11-2020	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,850.00 €
PA	Ibuprofeno Teatro	O MEL NON CADUCA	14-11-2020	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	2,420.00 €
PI	Pistacatro Productora de Soños S.L.	Y AHORA QUÉ?	15-11-2020	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	4,350.00 €
PI	CARAMUXO TEATRO	CATRO	06-12-2020	Escenario do Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	1,100.00 €
PA	Producións Teatráis Excéntricas SL	Medida x Medida de Shakespeare	11-12-2020	Auditorio Municipal de Vigo	0.00 €	5,082.00 €
Total:					15,400.79 €	41,898.71 €

Quinta.-Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do 31 de marzo de 2021 de forma electrónica, accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa representante da entidade pública no web: <https://sede.xunta.gal/>

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

-Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acreedor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.



Concello de Vigo

No caso de non estra aboadas todas as facturas, presentarase o recoñecemento de obriga e/ou documento de gasto comprometido pola entidade das actividades levadas a cabo, e deberá ter como data límite o 31 de decembro de 2020.

-Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio.

-Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

-Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.

-Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Agadic minorarase proporcionalmente.

O pagamento das cantidades estipuladas no presente convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e realizarase do seguinte xeito:

- 50% tras a sinatura do convenio.

- 50 % ao remate da programación e unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

Sexta.-Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sétima,- Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e a da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, marcas que deben ser descargadas da web da Xunta de Galicia: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal> (para Xunta de

Galicia) e <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-2021> .

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura e Turismo e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Oitava.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento con aviso previo de dous meses ou por incumprimento dos compromisos adquiridos.

Novena.-Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

Décima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda .- Notificación electrónica

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse



Concello de Vigo

electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira - Protección de datos de carácter persoal

As partes manifiestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

19(628).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA PENÍS DE ABAIXO”. EXPTE. 4034/443.

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 28/07/2020, asinado pola técnica de xestión do servizo, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 20.04.18, resolveu autorizar o gasto para para a redacción de varios proxectos de renovación da pavimentación e mellora do drenaxe de viais das parroquias de Vigo, entre as cales figura o proxecto construción de beirarrúas na Rúa Penís de abaixo, a prol da empresa Consultoria de Ingeniería y Empresa S.L., CIESA (B15200769).

II.- A empresa CIESA presenta borrador do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA PENÍS DE ABAIXO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. FRANCISCO JOSE FIDALGO LONGUEIRA, cun orzamento base de licitación máis IVE de 78.256,44 euros.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 19.12.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenvólvese na rúa Penís de Abaixo, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

- Construción dunha beirarrúa de baldosa, dun ancho medio de 1,50 metros, para o tránsito peonil na rúa Penís de Abaixo desde o nº 5 ata o nº 33 na marxe esquerda, cunha lonxitude aproximada de 205 metros.



Concello de Vigo

- Dispoñeráse canalización de pluviais baixo a beirarrúa, formada por un colector de diámetro 315 mm, sumidoiros e pozos de rexistro, separados estes elementos unha distancia máxima de 30 m. A instalación de iluminación exterior, dispoñeráse unha canalización de 0,40 m de ancho por 0,50 m de profundidade, coas correspondentes cimentacións para báculos e arquetas, Retranquearanse 2 postes eléctricos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES MESES) 3 meses.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 19.12.2018 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa

técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA PENÍS DE ABAIXO”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (78.256,44 €) e con sinatura dixital de data 14.12.2018.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(629).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA Balsa-MATAMÁ”. EXPTE. 4053/443.

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 28/07/2020, asinado pola técnica de xestión do servizo, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 20.04.18, resolveu autorizar o gasto para para a redacción de varios proxectos de renovación da pavimentación e mellora do drenaxe de viais das parroquias de Vigo, entre as cales figura o proxecto construción de beirarrúas na Estrada de Balsa- Matamá, a prol da empresa Consultoria de Ingeniería y Empresa S.L., CIESA (B15200769).

II.- A empresa CIESA S.L. presenta borrador do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA Balsa - MATAMÁ”, redactado polo Enxeñeiro de



Concello de Vigo

Camións, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE 206.598,69 €.

III.- O Enxeñeiro de Camións, Canais e Portos, en data 20.12.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenvólvese na Estrada da Balsa, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

- Construción dun cebreado, dun ancho medio de 1,50 metros, para o tránsito peonil na marxe esquerda da estrada da Balsa entre os números 27 e 93, nunha lonxitude aproximada de 380 metros.
- Dispoñeráse canalización de pluviais baixo a beirarrúa, formada por un colector de diámetro 315 mm, sumidoiros e pozos de rexistro, separados estes elementos unha distancia máxima de 30 m. A instalación de iluminación exterior, dispoñeráse unha canalización de 0,40 m de ancho por 0,50 m de profundidade, coas correspondentes cimentacións para báculos e arquetas. Nun tramo de 70 m construírse unha beirarrúa de formigón, colocaranse ademais onde sexa necesario, separadores de carril.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES MESES) 3 meses.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 26.12.2018 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA Balsa - MATAMÁ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SEIS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (206.598,69 €) e sinatura dixital de data 14.12.2018.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

21(630).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE, ENTRE A RÚA ZAMORA E A RÚA PINTOR COLMEIRO”. EXPTE. 4688/443.

Visto o informe de fiscalización do 30/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 28/07/2020, asinado pola técnica de xestión do servizo, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte: I

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 08.05.2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de humanización da rúa Hispanidade, entre a rúa Zamora e a rúa Pintor Colmeiro, a favor da empresa EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L. (B85097962).

II.- A empresa EPTISA Servicios de Ingeniería, S.L. presenta borrador do proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE, ENTRE ZAMORA E PINTOR COLMEIRO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Joel Liñares Masid e cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS SETENTA E SETE EUROS con VINTE CÉNTIMOS (771.577,20 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 21.05.2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O devandito proxecto comprende as obras de humanización da rúa Hispanidade entre a glorietta da rúa Pintor Colmeiro e a rúa Zamora, mantendo una coherencia estética coas actuacións xa executadas no tramo Zamora – Gran Vía e realizando unha renovación íntegra de pavimentos e servizos, modificando así mesmo os usos da rúa.

As obras proxectadas pódense resumir nas seguintes actuacións:

- Transplante a lugar indicado polo concello do arborado existente na rúa, cuxo tamaño inadecuado provoca problemas aos veciños da zona.
- Retirada de diversos elementos de mobiliario existentes na rúa e traslado a depósito municipal (bancos, papeleiras, sinais verticais, luminarias).
- Demolición completa da pavimentación existente, tanto en calzada como en beirarrúas.
- Modificación da sección transversal da rúa, establecendo en todo o tramo de actuación unha sección tipo formada por unha beirarrúa de 2,75 m, banda de aparcamento en liña de 2,25 m, dous carrís de circulación de 3,50 m cada un deles, e beirarrúa oposta de 3,00 m, eliminando unha das bandas de aparcamento para obter beirarrúas de anchuras adecuadas.
- Establecemento dunha nova pavimentación do vial, en consonancia coas rúas próximas, consistente en pavimento de mezcla bituminosa sobre base de formigón en calzada, bandas de aparcamento executadas en formigón pulido e beirarrúas de baldosa de granito gris alba 60x40.
- Creación de varias zonas estanciais nos espazos dispoñibles ganados coa ampliación das beirarrúas.

- Renovación da rede de saneamento da rúa Hispanidade, establecendo unha rede separativa de augas pluviais e renovación íntegra da de fecais.
- Renovación das liñas de abastecemento obsoletas sinaladas pola compañía subministradora.
- Renovación da rede de alumado da rúa.
- Establecemento de elementos de mobiliario tales como alcorques, papeleiras e xardineiras.
- Establecemento dunha rede de rego automático que inclúea todas as zonas afectadas polas obras.
- Adecuación dos pasos de cebra e adaptación dos mesmos á normativa de accesibilidade.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) meses.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 17.07.2020 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é superior a 500.000,00 euros, polo tanto, este informe ten carácter preceptivo. Art. 235 da lei 9/2017.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse



Concello de Vigo

en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE, ENTRE A RÚA ZAMORA E A RÚA PINTOR COLMEIRO” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS SETENTA E SETE EUROS con VINTE CÉNTIMOS (771.577,20 €) e data da sinatura dixital de 13 de xullo de 2020.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(631).- CONTRATO Ó ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O SUMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓN DO GRUPO EDITORIAL ARANZADI, S.A.U. PARA O PERÍODO MARZO DE 2020-FEBREIRO 2021. EXPTE. 5070/550.

Visto o informe de fiscalización do 22/07/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/07/2020, asinado polo vogal do Tribunal Económico-Administrativo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En Vigo, a 16 de xullo de 2020, en relación có asunto de referencia, emítese o presente en base ás seguintes consideracións:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 14 de marzo de 2019 prestou a súa conformidade á proposta para o seguinte contrato :

CONTRATO Ó ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PUBLICO PARA O SUBMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A

PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL ARANZADI, S.A.U. PARA O PERÍODO MARZO DE 2019-FEBREIRO 2020. EXPTE. 4848/550.

SEGUNDO.- Prestado dende entón o servizo, pola empresa presentouse nova proposta, que se adxunta, para a renovación da suscripción ás bases de datos.

A citada proposta ten un custe total de 19.031,00 € (Base 15.728,10 € máis 21% IVE 3.302,90 €), para o período marzo 2020-febreiro 2021, e con este importe se daría adecuado suministro, tanto das bases de datos coma das revistas especializadas, a todos os Servizos tanto do Concello de Vigo coma dos seus Organismos, xa que se estima que os accesos son suficientes para este fin.

TERCEIRO.- A Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público establece o seguinte:

Disposición adicional novena. Normas especiales para la contratación del acceso a bases de datos y la suscripción a publicaciones.

1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, y en la medida en que resulten imprescindibles, la contratación de los servicios necesarios para la suscripción o la contratación citadas anteriormente, podrán efectuarse, cualquiera que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago. El abono del precio, en estos casos, se hará en la forma prevista en las condiciones que rijan estos contratos, siendo admisible el pago con anterioridad a la entrega o realización de la prestación, siempre que ello responda a los usos habituales del mercado.

2. Cuando los contratos a que se refiere el apartado anterior se celebren por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, las entidades del sector público contratantes tendrán la consideración de consumidores, a los efectos previstos en la legislación de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico.

CARTO.- O gasto pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 “Libros e outras publicacións”, do orzamento corrente.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, competente segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.4 da Lei 9/2017, previa remisión á Intervención Xeral ós efectos oportunos, a adopción do seguinte,

ACORDO

1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período marzo de 2020-febreiro 2021, có tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSP, para o contrato ó que se refire a oferta adxunta



Concello de Vigo

2.- Autoriza-lo gasto e comprometer o pago a prol de Aranzadi, S.A.U. con cif A-81962201, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe da citada proposta de 19.031,00 € (Base 15.728,10 € máis 21% IVE 3.302,90 €), para o período marzo 2020-febreiro 2021, que pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 “Libros e outras publicacións” do orzamento corrente.

3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118 LCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(632).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES REALIZADOS POLO SERVIZO DE TURISMO ENTRE OS MESES DE ABRIL E XUÑO DE 2020. EXPTE. 7711/104.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2020 asinado pola xefa do Servizo de Turismo (Resolución do 28/10/20) e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, a Concelleira-Delegada Da Área de Festas e Turismo, M^a Carmen Lago Barreiro, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Turismo, funcional 4320, durante os meses de abril, maio e xuño do ano 2020, que se relacionan deseguido:

7685-104 (N) CM Servizo para adaptar á Web de Turismo á nova situación turística e creación de novo módulo 4320.2279904	RCM 27375 ADM 26269	18.119,75€	BALIDEA CONSULTING&PROGRAMING S.L. (B15850647)	8 MESES
7686-104 (N) CM Servizo para a tradución do vídeo “Fenómeno Vigo” a varios idiomas 4320.2279904	RCM 26270 ADM 27374	8.540,18€	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS S.L. (B27786045)	1 MES
7694-104 (N) CM Subministros para equipar ao CRV coas medidas hixiénico sanitarias para a redución de riscos de contaxio do coronavirus SARS-COV-2.	RCM 45678 ADM 45680	13.067,12€	PUBLIGAL S.L. (B36620151)	3 MESES

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

24(633).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚA CON CARRIL BICI NA MARXE DEREITA DA AVDA. EUROPA (VIGO). EXPTE. 4157/443.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/07/2020, asinado pola técnica xurídica da Área de Desenvolvemento Urbanístico e polo enxeñeiro xefe de Urbanización e Infraestruturas, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES E FEITOS

I.1.- Compre traer a colación como antecedente do presente, o expediente tramitado nesta Xerencia municipal de urbanismo baixo o número 9403/407, nomeado "*Contratación do servizo de redacción do proxecto de expropiación e construción de carril- bici na marxe dereita da Avenida de Europa*" contendo a documentación suficiente para a expropiación dos terreos necesarios para acadar os obxectivos previstos no planeamento vixente, o cal e previa a tramitación legal oportuna ao abeiro da lexislación de contratación vixente, foi adxudicado con data do 13.07.2017 a entidade "Galaicontrol, SL", tal e como consta acreditado no dito expediente, co clausulado que no mesmo se dispón, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

I.2.- Neste estado da tramitación, con data do 11.02.2019 o xefe de urbanización e infraestruturas da XMU remitía unha copia do presente proxecto a Área de fomento do Concello de Vigo, o que deu lugar a Resolución ditada con data do 13.03.2019 polo Concelleiro delegado da área de fomento, pola que se dispuxo que, a vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, proceder a incoación do presente expediente aos efectos da súa aprobación.

I.3.- A vista do seu contido, e en atención as competencias sectoriais que co dito proxecto se poidan ver afectadas, mediante senllos oficios da Concellería delegada da Area de Fomento, Contratación e limpeza, de data 13.03.2019 (núm. de saída 9013 e 9647) respectivamente, procedeuse á remisión, das cadansúas correspondentes separatas afectadas, á delegación de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo, así como a Demarcación de estradas do Estado do Ministerio de Fomento, solicitando destes organismos a emisión das pertinentes autorizacións sectoriais que se vexan afectadas no eido das súas competencias, e de ser este o caso, e en estrito cumprimento da lexislación de aplicación.

Asemade, faise constar que, mediante senllos oficios da Concellería delegada da Area de Fomento, Contratación e limpeza do 04.07.2019 e 30.08.2019 (núm. saída 21033 e 27079) procedeuse ao envío de documentación complementaria, á Delegación de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo, en atención aos previos requirimentos por esta cursados con datas do 19.06.2019 e 06.08.2019.



Concello de Vigo

Pola súa banda, con data do 01.08.2019 (núm. saída 24420) remitiuse a Demarcación de estradas do Estado en Pontevedra, do Ministerio de Fomento, “*informe xustificativo de empleo pretil estético urbano (PEU)*” para a unión ao expediente da súa referencia, e aos efectos da emisión da correspondente autorización.

Finalmente, mediante oficio subscrito con data do 17.03.2020 pola Concellería delegada da Area de Fomento, Contratación e limpeza (núm. Saída 11176), remitiuse o proxecto ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e axenda urbana, aos efectos da solicitude da autorización correspondente, de ser este o caso.

I.4.- Incorporáranse e forman parte do presente expediente os seguintes informes sectoriais evacuados con carácter favorable á actuación proposta:

- Informe emitido con data do 02.10.2019 pola Directora xeral da xefatura territorial da Consellería de cultura e turismo da Xunta de Galicia, no que se resolve autorizar as obras propostas no presente expediente, dispoño unha serie de condicións, a cuxo íntegro contido nos remitimos.
- Informe emitido con data do 01.06.2020 polo Subdirector xeral da explotación, por delegación do Director xeral de estradas, do Ministerio de Transportes, mobilidade e axenda urbana, polo que, se resolve autorizar, no eido das súas competencias, o proxecto que nos ocupa, coas observacións e condicións particulares e xerais que no mesmo se dispoñen.
- Faise constar que non consta a solicitude ao Servizo de Costas do Estado en Pontevedra, dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Medio ambiente, da autorización correspondente ao proxectado, no eido das súas competencias sectoriais atribuídas poren, acordarase no dispositivo o traslado do acordado, con carácter previo ao inicio das obras proxectadas.

I.5.- Con data do 13.07.2020 o Xefe da oficina de supervisión de proxectos do Concello de Vigo, emite informe favorable ao presente expediente, aos efectos do control ordenado polo artigo 235 da vixente Lei de contratos do sector público e no que conclúe que, o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, do que se extracta a continuación o seu íntegro contido, para unha mellor comprensión do nel concluído,

ANTECEDENTES:

Pola empresa Galaicontrol S.L. , presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “EXPROPIACIÓN E CONSTRUCCIÓN DUNHA BEIRARRÚA CO CARRIL BICI NA MARXE DEREITA DA AVD. DE EUROPA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos D^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento total máis IVE de CATRO MILLÓNS TRESCENTOS DOCE MIL SEISCENTOS CORENTA E CATRO EUROS con OITENTA E TRES CÉNTIMOS (4.312.644,83 EUROS) dos cales OITOCENTOS TRINTA E CATRO MIL SETECENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (834.776,72 €) corresponden a adquisición de bens e dereitos privados e o resto TRES MILLÓNS CATROCENOS SETENTA E SETE MIL OITOCENOS

SESENTA E OITO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (3.477.868,11 €), que corresponden á execución da obra civil proposta no proxecto de data Marzo 2020, e con sinatura dixital de data 09/07/2020.

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

A actuación se desenrola na rúa Avd. De Europa marxe dereita dende a rúa Tomas Paredes ata a Avd. De Samil, a mesma divídese tecnicamente en tres tramos e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

– Unha vez efectuadas as expropiacións correspondentes e decretada a ocupación de bens, segundo se sinalan no anexo A-9, documento que consta de fichas individualizas, e a súa valoración. Procederáse a retirada do mobiliario existente, sinais e demais, postes de alumado e tendido eléctrico existentes na vía pública.

– Procederáse a efectuar a demolición de muros existente e a efectuar a explanación correspondentes e ocupación de espazo necesario, para xerar o espazo proposto no proxecto. A súa vez efectuaráse a demolición dos pavimentos existentes tanto na zona de rodadura como nos bordos beirarrúas, etc.

– A continuación procederáse a efectuar as gabias correspondentes para o soterrado do tendido eléctrico, alumado, redes de telefonía, canalización semaforica, e rede de rego para dar servizo as zonas axardinadas, todo elo executado segundo os detalles que constan no proxecto.

– No relativo a saneamento propónse a vertente cara Tomas Paredes, a renovación completa do colector, e na outra vertente renovaranse os sumidoiros e pozos de rexistro, así como a recollida de acometidas novas que xurdan nos cruces para conducilas o colector do marxe esquerdo.

– En canto a rede de abastecemento tratase de manter a existente renovando as conexións domiciliarias existentes.

– Unha vez efectuados todos os soterramentos previstos procederáse previa explanación e escavación, a creación dunha base de explanada de espesor variable e co material seleccionada, capa de zorra de espesor variable, para na zona de rodadura propónse previo o fresado, entenderáse unha capa de rodadura de 5cm AC-16 surf-BC 50/70-D. co correspondente rego de adherencia e imprimación, na zona proposta de carril bici, sobre a subbase de zorra propónse un rego de adherencia, imprimación e capa de rodadura, e posterior acabado a base de aplicación de varias capas de pintura de resinas, resistentes a o exterior.

– Na zona de beirarrúas propónse sobre a subbase de zorra, unha soleira de formigón coloreado, nas zona de pasos de peóns, xenarase un pavimento de baldosas hidráulicas coas características determinadas na lexislación de accesibilidade. Nos bados de vehículos propónse como acabado soleira de formigón de 20 cm, nas areas de descanso soleira de formigón de 15 cm. En pavimento adoquín coloreado sobre cama de area. E zona da mediana prevese bordo de granito e tratamento de zona verde con capa de vexetal de un 50 cm., de espesor.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 22 meses.

INFORME:

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

O proxecto dispón de resolución favorable da Consellería de cultura de data 20/10/2019, recolléndose as determinacións que fixa dito informe, tamén dispón de resolución do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana de data 3/06/2020, recollendo as indicacións a efectos valorativos na partida de imprevistos, reflexada a súa execución o documento do prego apartado 9.3.



Concello de Vigo

No aspecto urbanística prevese a ampliación dun vial, previsto no PXOU, actualmente en vigor, PXOU/93 e I.O.P. aprobado definitivamente en data 24/07/2019 previo a expropiación de bens. Propoñendo tanto na zona existente como na ampliación tratamentos en canto a acabados superficiais, sen ningún tipo de aproveitamento urbanístico lucrativo.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Posteriormente, con data 14.07.2020 o dito funcionario, xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, emite novo informe ao presente expediente, co similar contido do que antecede, a cuxo íntegro contido nos remitimos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)

- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

II.1.- Natureza xurídica

A natureza do presente proxecto técnico é a dos denominados proxectos de obra ordinaria de carácter parcial, os cales, consonte ao pautado no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante RLSG), se tramitarán e aprobarán segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que tamén se refiren os artigos 30, 36, 227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun plan de ordenación, tal e como acontece no presente suposto, xa que, segundo o reflectido no Proxecto ao que neste intre se presta aprobación e tal e como se indica nos informes emitidos polo xefe da oficina de supervisión de proxectos con datas do 13 e 14 de xullo de 2019, e coa consecución das finalidades que no proxecto se reflicten, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

Esta categoría de proxectos urbanizatorios, nomeados de obra ordinaria, régulanse asemade na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

II.2.- Ámbito, Obxecto e Alcance

As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica, elaborada pola empresa "Galaicontrol S.L", trala fase de supervisión do borrador presentado, documento redactado pola Enxeñeira de camiños, canles e portos Dona Trinidad López Rodríguez, de data marzo de 2020 e asinado dixitalmente con data do 09.07.2020, proxectando obras que se desenvolverán na Avd. De Europa marxe dereita dende a rúa Tomas Paredes ata a Avd. De Samil, dividíndose en tres tramos, do modo e do xeito que se reflicte nos anteditos informes técnicos subscritos con datas do 13 e 14 de xullo de 2020, logo de que se efectúen as expropiacións correspondentes e reflectidas no anexo 9 do proxecto.

A zona na que se implantarán a ampliación proxectada, está prevista prevista no PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), que contén entre outras determinacións o establecemento das aliñacións da Avd. De Europa, do xeito, que dito eixe viario acade nun futuro un ancho de 31 metros.



Concello de Vigo

Pola súa banda, o IOP do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019), recolle as súas determinacións do mesmo xeito, propoñendo tanto na zona existente como na ampliación tratamentos en canto a remates superficiais, sen ningún tipo de aproveitamento lucrativo.

II.3- Exame da documentación técnica

A documentación técnica a que neste intre se presta aprobación polo órgano municipal competente consiste na documentación elaborada pola empresa “Galaicontrol S.L”, trala fase de supervisión do borrador presentado, documento redactado pola Enxeñeira de camiños, canles e portos Dona Trinidad López Rodríguez, de data marzo de 2020 e asinado dixitalmente con data do 09.07.202., conformado pola documentación que a continuación se relaciona,

- CARPETA MEMORIA
- CARPETA PLANOS
- CARPETA PREGO DE P.T.P.
- CARPETA ORZAMENTO

Deste xeito, na táboa elaborada polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos con data do 13.07.2020 se verifica que o proxecto cumpre co contido exixido pola lexislación que lle resulta de aplicación.

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos da presente actuación, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, remitírase o expediente ao servizo centrais desta XMU para a súa remisión ao interventor xeral, aos efectos da emisión do preceptivo informe de fiscalización, consonte co previsto no artigo 212 do TRLRHL.

II.4- Órgano Competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da Xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos seus Estatutos.

Xa que logo, atendendo aos informe emitidos polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos do Concello de Vigo con datas do 13 e 14 de xullo de 2020, que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamentación ao abeiro do disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación ao “Proxecto de construción de Beirarrúa con carril bici na marxe dereita da Avenida de Europa”, presentado pola empresa “Galaicontrol S.L”, trala fase de supervisión do borrador presentado, documento redactado pola Enxeñeira de camiños, canles e portos Dona Trinidad López Rodríguez, de data marzo de 2020 e asinado dixitalmente con data do 09.07.2020, do que se xunta unha copia en formato dixital.

Segundo.- O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións:

1.- De conformidade coas características das obras a realizar, fíxase un prazo de execución de 22 meses.

2.- Antes do inicio das obras, o contratista colocará un valado de protección, para o que deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal.

3.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.

4.- Establécese un prazo de garantía de un ano para todas as obras a realizar, a contar dende a data de recepción pola administración, segundo o disposto nos artigos 235 e seguintes do Regulamento xeral do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

5.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

6.- Deberán cumprirse os condicionantes/ e ou observacións dispostas nos informes favorables, emitidos con data do 02.10.2019 pola Directora xeral da xefatura territorial da Consellería de cultura e turismo da Xunta de Galicia, así como o disposto no Informe emitido con data do 01.06.2020 polo Subdirector xeral da explotación, por delegación do Director xeral de estradas, do Ministerio de Transportes, mobilidade e axenda urbana.

Terceiro.- As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación, vixilancia e inspección continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

Cuarto.- Acordar no mesmo acto, e subsecuentemente co reflectido no proxecto (Anexo 9), que se proceda, previos os trámites que correspondan en dereito, a ditar Resolución de incoación polo Vicepresidenta da XMU, ao ser o órgano que ten atribuída a competencia, do correspondente procedemento expropiatorio, que se tramitará baixo o número coa referencia 264/413, encomendándolle ao Departamento de Desenvolvemento urbanístico,- Planeamento de desenvolvemento e xestión-, conxuntamente co departamento de urbanización e infraestruturas a súa tramitación, ata a total obtención dos bens e dereitos necesarios para acometer ditas obras.

Quinto.- Remitir copia do presente acordo a departamento de Servizos Centrais desta XMU, así como aos departamentos de Fomento, Patrimonio e Contratación, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto.- Notificar o presente acordo, consonte ao indicado nas alíneas precedentes, ao Servizo de Costas do Estado en Pontevedra, dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Medio ambiente, solicitando a autorización correspondente ao proxectado, no eido das súas competencias sectoriais atribuídas, con carácter previo ao inicio das obras proxectadas.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante, e o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.



Concello de Vigo

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, em sesión de data 28/07/2020, acordou elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(634).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez